



Resolucións aprobadas polo Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra celebrado o mércores 6 de abril de 2016

1. Paralización e derogación da LOMCE
2. Denuncia da negociación das vacantes e das amortizacións das prazas por xubilación
3. Funcións de conserxaría nos centros de Primaria de Vigo
4. Modificación dos medios telemáticos e telefónicos
5. Criterios de acceso a ciclos superiores
6. Zonificación Vigo
7. Dotación de persoal administrativo
8. Paralización das reválidas
9. Praza na Escola de Conservación de Pontevedra
10. Mapa provincial de necesidades
11. Anulación da vixilancia do alumnado transportado
12. Recuperación das axudas do Fondo de Acción Social
13. Pola derogación da LOMCE e a recuperación do emprego e as condicións laborais e retributivas do profesorado
14. Cumprimento do Acordo de Agrupamentos
15. Reintegro da parte devindicada da parte autonómica da paga extra do 2013
16. Rexeitamento da orde de nomeamento de direccións
17. Demandando que a Consellería lexisle unha oferta alternativa á Relixión no bacharelato (presentada por STEG).
18. Sobre os currículos nos procesos selectivos para o ingreso na función pública docente (presentada por STEG)
19. Solicitando a derogación do decreto 14/2012 e demais ordes que se traduciron en recortes educativos desde o ano 2012 ata hoxe (presentada por STEG)

Resolución nº 1. Sobre a derogación da LOMCE.

Presentada por CIG. Votos a favor: 18; En contra: 0; Abstencións: 10.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Reclamar unha vez máis a inmediata paralización e posterior derogación da Lei orgánica da mellora para a calidade educativa (LOMCE).

A Xunta de persoal docente base a súa proposta nos seguintes motivos:

1. A súa aplicación até o día de hoxe supuxo un despropósito absoluto e un prexuízo para a organización dos centros e calidade do ensino.
2. Promove un ensino máis españolizador, privatizador, confesional, sexista, selectivo e clasista.
3. Cuestiona o dereito a un ensino gratuíto, galego, científico e laico. Concibe o ensino como unha mercadoría ao servizo das clases dominantes, pagada co erario público.
4. Imposibilita termos un sistema educativo inserido na nosa realidade social, cultural, histórica e lingüística.
5. Segrega o alumnado mediante itinerarios e ensinanzas distintas no ensino obrigatorio. Impide o acceso das clases populares á educación.
6. Facilita a creación de diferentes categorías de centros, legaliza os concertos dos centros que segregan o alumnado por razón de xénero e subordina a ordenación do sistema educativo aos intereses do ensino privado concertado.
7. Impide a participación e xestión democrática, impondo un modelo de organización e funcionamento unipersoal, xerárquico e empresarial.
8. Reforza a confesionalidade do sistema educativo, pois a Relixión pasa a ter a mesma consideración académica có resto das disciplinas.
9. É un desprezo ao traballo do profesorado. A actividade docente estará totalmente limitada a preparar reválidas que só miden os resultados das materias obxecto de exame, furtándolle ao alumnado unha educación completa e integral en todas as áreas e competencias, ao mesmo tempo que impide inserir na Educación as diferentes realidades nacionais do Estado.

Resolución nº2. Sobre a negociación das vacantes.

Presentada por CIG. Votos a favor: 21; En contra: 2; Abstencións: 7.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Manifestar que debe mellorarse o proceso de negociación de vacantes, polos seguintes motivos:

1. A tardía resposta da Xefatura territorial ás prazas reclamadas, mesmo despois de rematar o prazo de reclamación ao concurso.
2. A amortización dun número elevado de prazas que quedaron vacantes por xubilación dos seus titulares e por resultas.

3. A non cobertura de prazas que forman parte do catálogo, sen que se reducise o número de unidades do centro.

A Xunta de Persoal Docente de Pontevedra reclama que se corrixa estas deficiencias no futuro e que se cubran todas as necesidades dos centros.

Resolución nº 3. Sobre as funcións de conserxaría.

Presentada por CIG e transaccionada en Pleno con outros sindicatos. Aprobada por unanimidade.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Como consecuencia da modificación da súa categoría laboral, algúns centros de primaria deixan de ter a figura de Conserxe, pasando a ser Encargados/as de mantemento de instalacións educativas. As funcións propias de conserxería quedan nunha situación de desatención polo que a actividade docente vese continuamente interferida. O profesorado vese obrigado a atender chamadas, recepción de nais, pais e alumnado que entra fóra do horario, e todas as funcións propias de conserxería.

Por todo isto, esta Xunta de Persoal Docente de Pontevedra **demanda** que a Xefatura Territorial se dirixa á institución responsábel desta modificación e estude e procure unha resolución a este problema, de maneira que non se sobrecargue o profesorado con funcións que non lle son propias.

Resolución nº 4. Sobre os cambios nos medios telemáticos e telefónicos dos centros

Presentada por CIG. Aprobada por unanimidade.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Recentemente, coa nova adxudicación de servizos telefónicos, a Consellaría cambiou os números de teléfono de moitos centros de ensino. Tamén se están fusionando e limitando os modos de acceso a internet que xa posuían os centros, de xeito que se crean problemas de capacidade e velocidade que prexudican gravemente o desenvolvemento da actividade docente, nomeadamente en ciclos de formación profesional de educación a distancia.

Isto está a crear unha grande confusión no acceso e comunicación en toda a comunidade educativa, tanto aos propios centros como aos usuarios. Os cambios ademais non se reflicten nos números publicados pola Consellaría.

Esta situación pode agravarse e dificultar tamén nos centros de FP os procesos de preinscripción e matrícula.

Por todo isto, a Xunta de Persoal Docente de Pontevedra **demanda** á Xefatura Territorial que se mellore, ou como mínimo se manteña, a capacidade dos recursos informáticos de rede dos centros de ensino e se actualicen os directorios telefónicos publicados.

Resolución nº 5. Sobre o acceso de alumnado con titulación de grao medio de FP a ciclos de grao superior.

Presentada por CIG. Aprobada por unanimidade.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Demandar á Xefatura Territorial que os centros reciban instrucións claras sobre as condicións de

admisión do alumnado para o próximo curso 2106/17 especialmente sobre o acceso a ciclos superiores, de forma que se minimicen os perniciosos efectos que contén a xenérica redacción do artigo 41, cap. I, da Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa.

Resolución nº 6. Sobre a solicitude de non anulación de postos de traballo de persoal funcionario.

Presentada por CIG e transaccionada en Pleno con outros sindicatos. Aprobada por unanimidade.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Esixir da Xefatura Territorial de Pontevedra:

1. Que se cubran todos os centros de ensino con persoal administrativo necesario.
2. Que non se supriman postos de funcionari@s administrativ@s dos IES, senón que, polo contrario, se reforcen os seus cadros de persoal en función, non soamente do número de alumn@s, senón do tipo de ensinanzas impartidas no centro, quendas, número de edificios, centros adscritos, etc.

Resolución nº 7. Sobre zonificación do Concello de Vigo.

Presentada por CIG. Aprobada por unanimidade.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Demandar á Xefatura Territorial que realice unha nova zonificación dos centros do Concello de Vigo e non supedite esta ao transporte escolar. Por outro lado, mentres non se realiza esta zonificación, que se atendan, con carácter de urxencia, as demandas de transporte realizadas polos centros que o están solicitando a fin de manter o alumnado matriculado e estar en condicións de competir cos centros privados concertados que teñen máis próximos.

Resolución nº 8. Sobre as reválidas.

Presentada por CIG e asumida en Pleno por outras OO.SS. que presentaran propostas semellantes. Aprobada por unanimidade.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Dentro do despropósito que está a ser a aplicación da LOMCE, este ano está previsto continuar coa implantación das reválidas, que o ano pasado xa se realizaron en terceiro e que agora pretenden estenderse tamén a sexto de Primaria, como prólogo das reválidas da ESO e de Bacharelato.

Profesorado, ANPAS e alumnado manifestaron reiteradamente o seu desacordo con estas probas e anunciaron, mesmo, que se chamará a que os pais e nais procuren non mandar os seus fillos e fillas ese día aos centros para que non realicen a proba, igual que se fixo o curso pasado en terceiro. Unha campaña que tivo unha resposta moi satisfactoria, xa que, en Galiza, máis do 50% do alumnado de terceiro de Primaria non realizou estas probas.

As reválidas responden a unha visión totalmente centralista do Estado, son profundamente antipedagóxicas, eliminan a avaliación continua e son un desprezo ao profesorado.

Por todo isto, a Xunta de persoal docente non universitario de Pontevedra **manifesta** o seu rexeitamento ás reválidas e reclama da Xefatura Territorial que lle traslade á Consellaría de

Educación que se paralice e non se realicen as probas finais de 3º e 6º de Primaria.

Resolución nº 9. Sobre a anulación da vacante de Conservación e restauración de Documento Gráfico na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais en Pontevedra.

Presentada por CIG e transaccionada en Pleno. Aprobada por unanimidade.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Condenar a actitude antidialogante e a falta de transparencia da administración educativa, esixe que se anule a vacante de Conservación e Restauración de Documento Gráfico na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais e que se cancele a adxudicación provisional á persoa implicada. Porque esa vacante desvirtúa o concurso de traslados, non foi solicitada polo centro nin pola inspección, corresponde a unha especialidade que nin se imparte, nin se vai impartir (admitido pola Consellaría), apuntando todos os feitos a que se trata de favorecer a unha persoa concreta creándolle unha praza “ad hoc”.

Tamén solicita obter copia de todos os informes e documentación, na que se baseou a oferta de dita praza. Con expreso requirimento dos informes da inspección educativa que aconsellaron ou desaconsellaron dita oferta.

Resolución nº 10. Sobre o mapa provincial de necesidades.

Presentada por FETE-UGT, con modificacións en Pleno. Aprobada por unanimidade.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Para evitar os atrancos dos inicios de tódolos cursos con falta de profesorado, vacantes insuficientes e mala previsión das necesidades reais dos centros, a Xunta de Persoal Docente da Provincia de Pontevedra **PÍDELLE** á Consellaría que tome as medidas necesarias para organizar a dotación de profesorado antes do inicio de curso tendo en conta as necesidades reais dos centros e non as limitacións da cota (*cupo*).

Resolución nº 11. Sobre anulación da vixilancia do alumnado transportado.

Presentada por FETE-UGT, con modificacións en Pleno. Aprobada por unanimidade.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Nestes momentos o profesorado completa o seu horario facendo labores de recepción e despedida de alumnado transportado, labores que exceden as función propias dos docentes e que ocasionan problemas nos centros con Plan Madruga ou similares.

Por todo isto, a Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra **INSTA** á Consellaría a que analice esta problemática e arbitre as medidas necesarias para evitar que o profesorado desempeñe función impropias, distintas do labor docente.

Resolución nº 12. Sobre recuperación das axudas do fondo de acción social.

Presentada por FETE-UGT e transaccionada en Pleno. Aprobada por unanimidade.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

As axudas que recibíamos do Fondo de Acción Social foron recortadas drasticamente coa Lei 1/2012 do 29 de febreiro mantendo unicamente as axudas por persoa por discapacidade.

Dende a Xunta de Persoal Docente da provincia de Pontevedra **ESIXIMOS** á Consellería a reversión das axudas do FAS ao estado anterior á entrada en vigor da lei.

Resolución nº 13. Pola derogación da LOMCE e a recuperación do emprego e as condicións laborais e retributivas do profesorado.

Presentada por CC.OO., concomitante con outra proposta de STEG. Aprobada por 8 votos a favor, 0 en contra e 16 abstencións.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

A maioría dos partidos políticos con representación parlamentaria comprometéronse a derrogar a LOMCE de darse as condicións no futuro parlamento. Os resultados das Eleccións Xerais do 20-D, fixeron posible a configuración desa maioría real no Congreso.

É preciso que a nova maioría parlamentar sitúe realmente á educación na prioridade que lle corresponde, recuperando e mellorando o investimento en educación que o PP propuxo a Bruxelas e que representa unha drástica redución ata o 3,7% do PIB para 2018. Esta situación fai inviable na práctica, o obxectivo irrenunciable da reversión dos recortes e a recuperación do emprego e das condicións laborais e retributivas. Pero, ademais, fai imposible calquera acordo sobre novas condicións de traballo do profesorado. Tales previsións supoñen o certificado de defunción que o goberno do PP asinou para a escola pública. Por estas razóns, é necesaria a derogación da LOMCE.

O goberno do Partido Popular esgotou a súa lexislatura incumprindo os seus compromisos de goberno anunciados nas Cortes en 2012, de negociar cos sindicatos un Estatuto Docente. Deste modo, o MECD desperdiciou unha grande oportunidade para acordar a regulación das condicións de traballo do profesorado. O deterioro da calidade da educación, non foi maior grazas ao esforzo e ao compromiso dos profesionais que traballamos no sistema educativo. De nada serve que a última hora o MECD levara a cabo golpes de efecto electoralista para intentar maquillar a desastrosa política levada a cabo durante estes anos.

Por todo elo, a Xunta de Persoal Docente de Pontevedra **reafirma**, que previamente a calquera nova proposta, é necesaria a derogación da LOMCE, a reversión dos recortes para garantir un plan de emprego que supere as limitacións na taxa de reposición, a redución das rateos, salarios, xornada, permisos, enfermidade, así como a reposición dos dereitos colectivos do profesorado que tamén foron suprimidos en 2012.

Resolución nº 14. Sobre o cumprimento do acordo de agrupamentos.

Presentada por CC.OO. Rexeitada por 19 votos en contra e 8 a favor.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Esixir o cumprimento do acordo sobre agrupamentos asinado o 10 de Xullo de 2009 dada a situación actual de moitos centros da provincia, onde se agrupa a alumnado de diferentes niveis e etapas en aulas cada vez máis masificadas, constituíndo unha dificultade crecente para o profesorado e unha mingua na calidade do ensino

Resolución nº 15. Sobre o reintegro da parte devindicada da parte autonómica da paga extra do 2013.

Presentada por CC.OO., concomitante con outra proposta de STEG. Aprobada por 8 votos a favor, 0 en contra e 19 abstencións.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Esixir á Consellería, que ao igual que na extra do 2012, se lle reintegren de oficio aos traballadores a parte devindicada da paga extra de xuño de 2012, evitando así acudir aos tribunais de xeito individual, e que recoñeza que ten unha débeda cos funcionarios/as galegos/as da parte autonómica das pagas extras de 2013, 2014, 2015 e 2016, e se comprometa no futuro a reintegrala.

Resolución nº 16. Sobre o rexeitamento da orde de nomeamento de direccións.

Presentada por CC.OO. Aprobada por unanimidade.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Rexeitar o proxecto de Orde de nomeamento de Direccións de 2016, levada pola administración á mesa sectorial do 15 de marzo de 2016, e **recomendar** que sexan os Consellos Escolares e os Claustros de cada centro, os que de forma democrática, elixan os mesmos

Resolución nº 17. Sobre a oferta dunha alternativa á relixión no bacharelato.

Presentada por STEG e transaccionada en Pleno. Aprobada con 25 votos a favor e 2 abstencións.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Demandarlle á Consellería,

1. Que se elimine a relixión como materia no bacharelato.
2. En tanto non se elimine, que lexisle a existencia de materias opcionais de libre configuración autonómica de 1 hora.
3. Que estas materias sexan acordes coa demanda educativa do alumnado de bacharelato e que lle permitan poder completar a súa opción sen ter que escoller en determinados casos, de facto, a materia de Relixión.
4. Que se garanta a impartición da oferta alternativa realizada polos centros, aceptándoa e asignando o profesorado necesario.

Resolución nº 18. Sobre os currículos nos procesos selectivos de ingreso na función pública docente.

Presentada por STEG e transaccionada en Pleno. Aprobada por unanimidade.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

Demandar que a Consellería dispoña que nos procesos selectivos para o ingreso na función pública docente, previstos para este ano 2016, as persoas concursantes poidan optar entre os currículos LOMCE e LOE.

Resolución nº 19. Sobre a derogación do decreto 14/2012 e outros recortes educativos.

Presentada por STEG e aprobada con 9 votos a favor e 18 abstencións.

O Pleno da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra acorda:

1. **Esixir** ao novo goberno central que poida constituírse en breve e ao futuro goberno autónomo

galego, no seu ámbito, a derogación do decreto estatal 14/2012 e demais ordes autonómicas que consagraron no seu día os recortes educativos que vimos padecendo.

2. **Instar** a eses futuros novos gobernos a aplicar políticas de recuperación e paulatino incremento do gasto público en educación e de restitución dos dereitos laborais e salariais do conxunto do profesorado e demais persoal que fai parte do sistema educativo.